

## PEZA DO MES

setembro

2014



**A CISTA DA FORXA**  
**VILARIÑO DAS TOUZAS, RIÓS**

XUNTA DE GALICIA



FOTOGRAFÍA DE RAMÓN BOGA MOSCOSO, 1995

### A cista da Forxa. Vilariño das Touzas, Riós

A cista da Forxa, (Vilariño das Touzas, Riós) e o enxoval que contiña, foi achado de maneira casual por don Secundino Vieito Tarrazo, veciño do lugar, nunha leira da súa propiedade a primeiros de outubro de 1995. Poucos días máis tarde, el mesmo e a súa filla dan conta da nova a través de diversos medios de comunicación, ao tempo que o notifican ás autoridades locais que alertan o Museo Arqueolóxico. Notificado o descubrimento, os servizos técnicos de Arqueoloxía da Dirección Xeral, e dada a importancia que parece ter o achado, concédelle ao arqueólogo don Fidel Méndez Fernández, que por aquel entón facía controis na autovía das Rías Baixas, na zona de Verín, un permiso para realizar unha escavación de urxencia. Neste especificase que tanto os bens en mans do seu descubridor, que entrega xenerosamente, como os posibles achados deben ser depositados nun prazo de catro meses no Museo.

Sobre as circunstancias da descuberta, contounos *in situ*, e con todo detalle, a súa filla *Manolita* que a sepultura foi achada durante a estivada dunha leira que estaba a monte para preparala para sementar centeo; razón polo que o arado mecánico tivo que fincar máis profundamente que de costume e quedase enganchado nunhas lousas, que saltaron e romperon. Cando ao día seguinte, intentaron retirar o atranco para seguir traballando viron que as lousas formaban una caixa que parecía unha sepultura pequena, polo que comezaron a baleirar o seu interior cunha pala, encontrando nas esquinas do que parecía ser a cabeceira, situada ao noroeste, uns cacharriños cerámicos, un deles colocado sobre unha lousa pequena e o outro cuberto por outra,

como se fose unha tapadeira. Intrigados e vendo que parecían antigos, colléronos e, en canto os tocaron, desfíxéronse en anacos. Leváronos para a súa casa e, máis pronto que tarde, deron a noticia.

En concreto, o lugar onde se atopou a cista está situada na corda dunha dorsal a máis de 800 m s. n. m., de considerable anchura e bastante chaira, que se inscribe nun dominio de penechaira ampla marcada polos ríos de Marcelín, Mente e o Seara Nova. Dende o lugar divísanse todos os fitos arqueolóxicos da contorna: Serra da Urdiñeira, Valdamio, que garda unha cista de Idade do Bronce, a mámoa da Chaira das Pozas, Valmedo, as pegadas do Salto do Cabalo, e todos os castros da bisbarra; conformando unha paisaxe de soutos, prados e lameiros, con abundante caza e pesca e, segundo Cornide, unha das máis amenas de Galicia.

Trátase dunha cista de forma rectangular, de 1,50 m por 0,90 m x 0,60 m de profundidade, orientada L-W e formada por catro lousas de xisto, tapada con, polo menos, dúas lousas do mesmo material; probablemente sexa unha cista de inhumación e, dada as dimensións, o cadáver tería que estar en posición flexionada. Estaba construída sobre un foso escavado directamente no substrato mineral segundo Méndez Fernández e, posiblemente, sen estruturas superpostas que deixasen pegadas na paisaxe.

A cronoloxía do uso das cistas como forma funeraria presenta unha grande amplitude, que vai dende o Calcolítico do III milenio á Idade de Bronce, nun momento de notable diversidade en canto a dimensión e formas, pero sempre dun mesmo patrón, como son os casos coñecidos de Agro de Nogueira –pentagonal–, Gandón –trapezoidal–, ou rectangulares como o noso exemplo, que conta con numerosos paralelos tanto no norte de Portugal como en Galicia: A Devesa de Abaixo, A Insua, A Roza, Bicos de Lago, Biobra, Chedeiro, Gandón, Monte dos Cregos, O Cubillón, Pedra da Xesta ou a da Praia da Rola, esta última de dimensións máis reducidas.

No seu interior, e despois duns estudos pormenorizados por parte da doutora Pilar Prieto e de Laure Nonat comprobouse que os fragmentos recollidos formaban parte de catro recipientes diferentes, pero de formas semellantes. Cunha capacidade que oscila entre 0,19 e 1,2 litros. Os catro teñen un perfil troncocónico, o fondo plano e o ángulo do arrinque do corpo redondeado; as paredes do corpo son oblicuas ao exterior e rematan nun bordo aberto de beizos redondeados. Quizabes os catro tiñan asa, aínda que só a conservan dous delas. As catro foron modeladas de maneira parecida; son de sección plana e ocupan practicamente todo o vaso, e os engastes pegados con barbotina son



VASOS TRONCOCÓNICOS. O CHEDEIRO, A PEDROSA

lixeiramente máis anchos que o corpo central da asa. Os catro vasos foron realizados á man mediante a técnica de urdido a base de rolos, e a súa textura non é excesivamente compacta. Como desgrasante utilizouse un gran pequeno e mica distribuídos de xeito irregular por toda a mestura arxilosa. A cor superficial exterior é marrón clara cun rematado brunido medio, sendo máis rudo no interior. A fractura da pasta mostra unha cocción oxidante, a unha temperatura que oscila entre os 500° e os 1100°, a parte exterior é avermellada e a interior negruzca. En canto á súa forma, como de campá, podémola rastrexar na necrópole do Chedeiro, A Pedrosa, ou no gran vaso aparecido no xacemento próximo de Santa Marta de Lucenza tamén no sur de Ourense, pero sobre todo encóntranse recipientes semellantes no norte de Portugal, como os achados na cista de Meixedo, Gorgolão, Corvihlo, Touredo, Lomba de Coimbró, ou a mámoa de Terranha. Ata o momento este tipo de vasos non aparecen asociados a restos metálicos, non obstante nunca aparecen só, soen ir acompañados doutros vasos semellantes, formando parellas, como é o caso desta cista, ou aparecer con outras formas diferentes. Polo que parece, as súas características formais circunscríbense a unha área xeográfica concreta, que comprende todo o sur da provincia de Ourense e o norte de Portugal, circunscríbíndose a unha área concreta.

As análises efectuadas aos cacharros da Forxa confirman que foron realizados co mesmo tipo de pasta, xa que a súa feitura procede de minerais similares. O mineral principal é o cuarzo, seguido de rochas ígneas, sendo os feldspatos potásicos os menos abundantes. A proporción de halosit, materia prima cerámica moi plástica é tamén abundante, así como os minerais pertencente á clase dos silicatos. É precisamente a presenza de anfibois o que permite concluír aos investigadores que a orixe da súa pasta non é local, xa que non se

encontran mineraloxías anfibólicas nos arredores. Aínda que se está pendente dun estudo máis detallado, non se descarta unha orixe de carácter comarcal, posiblemente do norte de Portugal, o que supón unha importación de materiais.

No interior dos catro recipientes atopouse abundante materia orgánica carbonizada que podería indicar unha mesma funcionalidade para os catro recipientes, en opinión da doutora Pilar Prieto. Un deles foi analizado, obténdose unha cronoloxía de 1746-1523 a. C. do Bronce Inicial, ou do Bronce Medio, segundo a cronoloxía tradicional. Ademais, analizáronse os contidos de dous recipientes e os resultados obtidos en ambos os dous foron oxalato, amidóns afectados polo malteado e ataques encimáticos, fermentos, fitolitos de cereais que se interpretan como cervexa, polo que nos encontramos cos recipientes máis antigos de Galicia con contido de esta bebida. A cervexa encóntrase frecuentemente na Península Ibérica dende o Bronce Inicial, en concreto para este momento da prehistoria é frecuente en vasos campaniformes profusamente decorados. No caso de que nas vasillas da cista da Forxa aparecesen restos de alcohol, podería estar indicando unha nova forma de ostentación de poder, un canon para un ritual complexo no que o alcohol probablemente xogara un papel central, se a isto unimos que os recipientes da Forxa parecen feitos especificamente para o funeral e, polo tanto, non se utilizaron acotío estaríamos ante unha cerámica realizada para unha liturxia funeraria concreta. Por outra parte, o feito de utilizar diferentes alcohois en rituais funerarios, non deixa de ser común en moitas culturas, onde derramar viño ou bebelo formaba parte dos diferentes ritos e cerimoniais que acompañaba tanto os vivos coma os mortos na súa viaxe ao alén. Por outra parte, dende o Bronce Final non só se documenta o seu uso senón as diferentes fases de fabricación deste produto, como é o caso do xacemento catalán de Genó, descuberto en 1955 grazas aos traballos de R. Pita Mercé.

Sirvan estas liñas como recordo a cantos nenos e nenas de Vilariño, que xogaron e brincaron moi preto desta tumba, quizais por encima dela. Sabían que sobre unhas rochas que había por detrás da escola, os vellos contaban lendas de covas, antas e santos queimados, e mouros, pero nunca puideron adiviñar que case 4000 anos antes, e non moi lonxe de onde eles se recreaban fora enterrado alguén especial, alomenos tan especial como eles eran.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA DE GALICIA